

A prol da igualdade

A aplicación da Igualdade de Oportunidades é no presente un dos principios básicos das políticas democráticas que vén practicando a Comunidade Europea e un exemplo que trata de expandir a todos os ámbitos da nosa sociedade. Dende o Concello de Santiago cremos neste principio xeral establecido en Europa e vimos desenvolvendo programas que tratan de conciliar a vida laboral e familiar; fomentamos a educación, a formación e o emprego con base nas políticas igualitarias; atendemos aos intereses da mocidade e do asociacionismo; desenvolvemos iniciativas para a prevención da violencia de xénero e ocupámonos dos sectores sociais máis desfavorecidos.

Dentro das canles desta actividade política, desde a Concellaría da Muller elaboramos o Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades do Concello de Santiago, co convencemento de traballar para toda a sociedade compostelá coa ollada posta en conseguir unha sociedade máis solidaria, xusta e democrática. O Plan establece canles para avanzar na repartición de responsabilidades familiares e domésticas, dignificar o labor da muller con máis información e apoios, conseguir unha educación non discriminatoria, fomentar o emprego, tratar de que a mocidade exerza hábitos de vida saudable, previr a violencia de xénero, e fomentar o asociacionismo, entre outras vías que van da simple e elemental revisión da linguaxe aos comportamentos cívicos máis esenciais.

Presentamos, polo tanto, un Plan que é un documento de traballo esencial, clarificador e dinámico para o desenvolvemento e coñecemento da nosa realidade inmediata. Un plan de traballo a prol dunha convivencia máis xusta e equilibrada.

Adelaida Negreira Riveiro

Concelleira da Muller